

ACTA Nº 7/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

Pola Administración:

Presidencia: D^a. Eva Sanin Mariño e D. José Manoel Maceira Caldelas.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Antonio Losada Trabada e D. Ramón del Valle
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: D. Santiago Roura Gómez

Consellería de Economía e Facenda: D^a. Marta Blanco Aller e D^a. M^a Dolores Rodríguez Amaya

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D. Luís López Vázquez e D^a.
Camino Triguero Salas

Consellería de Innovación e Industria: D^a. Lourdes Courtier Ramos

Consellería de Cultura e Deporte: D. Miguel Ares Casal

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D^a Lourdes Batán Aira

Consellería de Traballo: D. José Vázquez Portomeñe

Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Henrique Salas Ellacuriaga

CCOO: D. José Manuel Espasandín García, D. Pablo Cutrín Garabal

UGT: D^a Rosario Valledor Puente e D. Miguel Ángel Dono Gómez

CSI-CSIF: D^a Carmen Noya Castro

Secretario: D. Carlos Carid Fernández

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día 2 de xuño de 2006, réunese, en sesión ordinaria, na salón de actos da Escola Galega de Administración Pública, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 6/2006, correspondente á sesión anterior.

Punto segundo. Proposta de modificación da RPT de augas de Galicia.

Punto terceiro. Proposta de modificación da RPT da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Punto cuarto. Orde de_ de_ de 2006, pola que regula o procedemento para exercitar a opción de integración prevista na disposición adicional décimo cuarta da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.

Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta 6/2006 correspondente á sesión anterior

Foi lida acta 6/2006, correspondente á sesión anterior, sendo aprobada coas seguintes observacións:

- a) Formuladas pola representación da organización sindical CC.OO: No punto cuarto (páx. 3), no parágrafo relativo á intervención da representación da organización sindical, debe constar que votan en contra *por estar en desacordo coas probas prácticas no proceso e con que se realice a modificación neste intre.*
- b) Formuladas pola representación da organización sindical CSI-CSIF: No punto terceiro (páx. 3), debe constar que intervén o representante da organización sindical para manifestar que votan a favor da proposta de modificación da Relación de postos de Traballo.

Punto segundo. Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo de Augas de Galicia.

* Intervén o representante da organización sindical CIG e solicita que se explique o motivo da apertura da Secretaría Xeral do organismo a persoal funcionario de administración local.

* Intervén a representante da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible quen, en primeiro lugar, solicita que se desculpe ao Secretario Xeral da Consellería pola imposibilidade de asistir a esta reunión. Con respecto ás razóns polas que se abre o posto a persoal procedente da administración local, sinala que xa foron exportas na reunión da Mesa Xeral de Negociación e non teñen nada máis que alegar.

* Intervén novamente o representante da organización sindical CIG referíndose a que votarán contra a proposta.

* Intervén o representante da organización sindical CC.OO. e explica que, se ben están conformes con parte da modificación, votarán contra a proposta por razón da a apertura da Secretaría Xeral a persoal funcionario da administración local.

* A representante da organización sindical UGT manifesta o seu desacordo coa proposta de apertura da Secretaría Xeral á administración local e co informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas, razóns polas que votarán contra a proposta.

* Intervén a representante da organización sindical CSI-CSIF e manifesta o seu desacordo coa posibilidade de que a Secretaría poida desempeñarse por persoal funcionario de administración local, polo que o seu voto é contrario á proposta

A proposta de modificación da RPT foi informada favorablemente co voto en contra das organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF.

Punto terceiro. Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

* Intervén o representante da organización sindical CIG preguntando, en relación coas alegacións que formularon mediante escrito o día 2 do presente mes, se na proposta existen modificacións.

* Toma a palabra o Secretario Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para referirse ás modificacións introducidas que se relacionan no anexo da presente acta.

Con respecto aos Servizos de Urbanismo dos que se prevé a posibilidade da súa ocupación por persoal funcionario procedente da administración local, sinala que non se trata dunha modificación de carácter xeral, senón que afecta a un número moi determinado de postos que se xustifica pola problemática da materia que se lles atribúe. Así mesmo, manifesta que a presente proposta de modificación está condicionada pola urxencia; pero nunha nova modificación tratarán de dar resposta a demandas sindicais.

* Intervén o Presidente. Con respecto á esixencia do diploma de directivo para acceder a determinados postos de nivel 30, informa que, seguindo o informe da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas, debe manterse aínda que non existiría inconvincente en retiralo da proposta.

* O representante da organización sindical CIG sinala que non se teñen en conta as súas alegacións e non aceptan que os postos dos Servizos de urbanismo poidan desempeñarse por persoal da administración local, polo que votarán contra a proposta.

* Intervén o representante da organización sindical CC.OO. para manifestar o seu voto en contra da proposta polas seguintes razóns:

- Pese a explicación da consellería, no ámbito desta Administración debe existir persoal propio e cualificado con experiencia en materia de urbanismo.
- Non entenden que se sinalen titulacións específicas para desempeñar postos de traballo propios de corpos xerais e que as seccións de carácter xurídico se reserven a funcionarios/as do grupo A.
- Con respecto ao persoal laboral, deben integrarse os legoeiros que o soliciten; non están conformes coas amortizacións.

* A representante da organización sindical UGT manifesta a súa coincidencia coa maior parte das alegacións efectuadas polas organizacións sindicais que interviñeron; estiman insuficiente a esixencia de 5 anos de experiencia para o persoal das entidades locais; non está de acordo coa forma de provisión das habilitacións, polo sistema de libre designación, nin que os servizos de xestión económica se abran á administración xeral/especial.

Por todo isto, votarán negativamente a proposta.

* A representante da organización sindical CSI-CSIF manifesta que, no esencial, coincide co sinalado polas restantes organizacións sindicais, polo que votarán contra a proposta.

* O Secretario Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes lamenta que non se chegase a un acordo coas organizacións sindicais sobre a RPT; organizacións coas que se seguirá mantendo o diálogo, toda vez que na proposta existen mais coincidencias que discrepancias, insistindo en que non existe a previsión de recorrer á administración local para prove-los postos, que sempre se tratarán de cubrir con persoal da máis alta cualificación. Manifesta o seu respecto e a alta valoración do persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En relación co persoal laboral, trátase de estabiliza-lo cadro de persoal e reducir a temporalidade atendendo ás demandas das organizacións sindicais.

* O Presidente agradece a colaboración mantida entre a Consellería e as organizacións sindicais para, aínda que non foi posible, tratar de chegar a un acordo sobre a proposta.

A proposta de modificación da RPT foi informada favorablemente co voto en contra das organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF.

Punto cuarto. Orde de _de_de 2006, pola que regula o procedemento para exercitar a opción de integración prevista na disposición adicional décimo cuarta da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.

*Interveñen sucesivamente as representacións das catro organizacións sindicais para manifestar o seu acordo co proxecto de orde.

O proxecto de orde foi informado favorablemente por unanimidade.

Unha vez rematado o estudio de tódolos puntos da orde do día, tomou a palabra o Vicepresidente e Presidente en funcións da Comisión para informar que, na próxima reunión da Comisión de Secretarios/as Xerais se debaterá o horario de verán do persoal funcionario ao servizo desta Administración. Por parte da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza existe a vontade de propoñer, sen que exista oposición dos centros directivos competentes, que a xornada de traballo sexa de 08:30 a 14:30 horas, desde o 15 de xuño ao 15 de setembro; proposta que se pretende que teñan en conta as organizacións sindicais para acadar futuros acordos.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as once e coarenta e cinco (11:45) horas do día da data.

Vº e prace,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS
DE PRESIDENTE**

O SECRETARIO

José Rodríguez González

Carlos Carid Fernández